XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

**Resolución do 20 de setembro de 2016 pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade B, para o ano 2014, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C).**

A Orde do 24 de xullo de 2014 (DOG núm. 147, do 5 de agosto de 2014), establece as bases para a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C) para o ano 2014. O anexo II da citada orde está dedicado a regular a modalidade B destas axudas e establece no seu artigo 6 que no último ano as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida para os efectos de obtención do certificado de cumprimento dos requisitos de calidade de produción e actividade cientifico-tecnolóxica que impliquen unha traxectoria investigadora destacada.

De acordo co Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, correspóndenlle á Secretaría Xeral de Universidades as competencias en materia de investigación universitaria.

A Instrución 4/2016, do 27 de xuño, da Secretaría Xeral de Universidades, establece as directrices que regulan o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do SUG ao abeiro da convocatoria do ano 2014 da modalidade B das axudas posdoutorais. De acordo con esta instrución, a avaliación foi realizada por expertos externos ao SUG, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe dos expertos, a Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

Proceder á emisión da certificación de cumprimento dos requisitos de calidade de produción e actividade científico-investigadora que impliquen unha traxectoria investigadora destacada do persoal investigador que se relaciona na seguinte táboa:

| **Investigadoras e investigadores da modalidade B do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2014, dentro Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C)** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Núm. Expediente** | **Apelidos** | **Nome** | **DNI** | **Universi-dade** | **Resultado da avaliación** |
| ED481C 2014/4 | Feás Sánchez | Xesús | *****204A | USC | Positiva |
| ED481C 2014/1 | Galindo Dasilva | Juan | *****124P | UVIGO | Positiva |
| ED481C 2014/3 | Lema Márquez | Margarita | *****991P | USC | Positiva |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

| Investigadoras e investigadores da modalidade B do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2014, dentro Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Núm. Expediente** | **Apelidos** | **Nome** | **DNI** | **Universi-dade** | **Resultado da avaliación** |
| ED481C 2014/9 | Martínez Abraín | Alejandro | *****037R | UDC | Positiva |
| ED481C 2014/2 | Mohamed Falcón | Kais Jacob | *****909F | UVIGO | Positiva |
| ED481C 2014/7 | Rodriguez Lado | Luis Manuel | *****092K | USC | Positiva |

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2016

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro